

O ChatGPT e a tradución de idiomatismos metafóricos en español cubano e portugués brasileiro¹

ChatGPT and the translation of metaphorical idioms in Cuban Spanish and Brazilian Portuguese

Stella Esther Ortweiler Tagnin

Universidade de São Paulo (Brasil)

ORCID: 0000-0002-5517-2710

seotagni@usp.br

Resumo: Este artigo explora as posibilidades de identificación e tradución, polo ChatGPT, de expresións idiomáticas en español cubano e portugués brasileiro, que conteñían nomes de froitas. Após unha breve presentación dos problemas representados pola tradución de expresións idiomáticas, así como unha introdución á ferramenta ChatGPT, segue a «conversa» coa ferramenta, salientando as traducións incorrectas fornecidas. Para o español, a ferramenta produciu nove expresións con froitas, mais non todas eran da variante cubana. Para o portugués, produciu inicialmente só tres correctas. Na parte da tradución, o seu funcionamento foi mellor na dirección portugués-español, o que fai supor que haxa nos seus datos unha cantidade maior na lingua española ca na portuguesa. En xeral, fíxose necesaria unha intervención humana para atinxir resultados aceptábeis.

Palabras chave: ChatGPT, expresións idiomáticas, tradución, español cubano, portugués brasileiro.

Abstract: This article examines the potential of ChatGPT for the identification and translation of idiomatic expressions involving fruit names in Cuban Spanish and Brazilian Portuguese. Following a brief overview of the challenges inherent in idiom translation, as well as an introductory presentation of the ChatGPT tool, the article proceeds to reproduce the interaction with the system, drawing attention to the mistranslations generated in the process. With respect to Spanish, the tool produced nine fruit-based idiomatic expressions, although not all of them belonged to the Cuban variety. For Portuguese, it initially yielded only three accurate expressions. In the translation phase, its

¹ Data de recepción: 14.10.24. Data de aprobación: 21.10.25.

Tradución do portugués de Ramón Anxo Martins Seixo (Escola Oficial de Idiomas de Vigo).

performance was comparatively stronger in the Portuguese–Spanish direction, which suggests that a larger volume of training data is available in Spanish than in Portuguese. Overall, human intervention proved necessary in order to obtain results of acceptable quality.

Keywords: ChatGPT, idioms, translation, Cuban Spanish, Brazilian Portuguese.

1. Introducción

Este artigo pretende ser unha sinxela homenaxe á gran figura de María Luísa Ortiz-Álvarez, investigadora incansábel no campo das expresións idiomáticas. Esas expresións configuran unha parte do que se coñece como a convencionalidade da lingua. Autores como Pawley & Syder (1983) xa anunciaban que o dominio das convencións lingüísticas representa unha parte integral da fluidez dunha lingua. Saliento aquí dous artigos en que María Luísa trata das expresións idiomáticas. No primeiro, en coautoría con Lima (Lima & Ortiz Alvarez, 2011), as autoras debrúzanse sobre a problemática do ensino das expresións idiomáticas en español e os seus equivalentes en portugués. No segundo (Ortiz-Alvarez, 2019), a autora aborda especificamente expresións idiomáticas brasileiras desde unha perspectiva cultural, social e identitaria. Para iso identificou 64 expresións, das que analiza detalladamente oito delas. Tres desas expresións (*descascar o abacaxi*, *enfiar/meter o pé na jaca* e *chorar as pitangas*) tamén serán aquí analizadas, mais só desde a perspectiva da tradución.

O meu obxectivo é máis «técnico» ca estritamente académico. Coa popularización da Intelixencia Artificial (IA), e o meu interese na tradución automática, pretendo aquí examinar o funcionamento do ChatGPT4 (OPENAI, 2024), na súa versión gratuíta, na tradución de expresións idiomático-metafóricas do español cubano ao portugués brasileiro e viceversa. Esa escolla xustifícase polo feito de ser Cuba a terra natal de María Luísa e o Brasil, o lugar onde desenvolveu a maior parte da súa carreira académica, principalmente na UnB, Universidade de Brasília.

Neste estudo voume restrinxir a expresións idiomáticas que conteñan nomes de froitas. Iso débese ao feito de participar dun proxecto maior intitulado *Expressões Idiomáticas com a Temática Alimentação: uma Proposta Onomasiológica*, coordinado pola profesora doutora Elisa Duarte Teixeira, tamén da UnB. Na actual etapa estamos investigando as expresións con nomes de froitas.

Inicialmente solicitei que o ChatGPT me fornecese dez expresións idiomáticas con nomes de froitas nas dúas variantes que pretendía estudar. Seguidamente pedín que fixese a tradución de cada unha delas á outra lingua, ou sexa, do español cubano ao portugués brasileiro e viceversa. Esa «conversa», cos debidos comentarios, é a que aquí relato.

O artigo estrutúrase da seguinte forma: alén desta introdución, presenta unha sección que versa sobre a convencionalidade e as expresións idiomáticas e os problemas que representan a súa tradución so a óptica de varios investigadores. Vén despois unha presentación do ChatGPT, así como algúns relatos de experimentos de tradución realizados con esa ferramenta por outros investigadores. A seguir é relatada e comentada a forma como se chegou á lista de expresións idiomáticas con froitas en español cubano

e portugués brasileiro e as súas traducións nas dúas direccións: de portugués brasileiro a español cubano e viceversa. O artigo finaliza con algunhas consideracións sobre o proceso de tradución presentado.

2. Convencionalidade: expresións idiomáticas e tradución

Unha gran parte da linguaxe que usamos é convencional, ou sexa, son bloques prefabricados, que empregamos como unha unidade (Cowie, 1998). Por exemplo, *pão com manteiga, arroz e feijão, cadeira de balanço, editar um livro* representan diversos tipos de fraseoloxismos (Tagnin, 2013), xeralmente de fácil descodificación e codificación. Ou sexa, son fáciles de comprender e de producir por un falante fluído. No entanto, o seu descoñecemento caracteriza o que Fillmore (1979) denomina «falante inxenuo», *innocent speaker* no orixinal.² Esa noción tamén se pode aplicar á tradución. O tradutor inxenuo, por descoñecer esas convencións, tendería a producir unha tradución literal, causando certo estrañamento no lector da lingua de chegada. Unha das categorías convencionais que máis problemas ofrece son as expresións idiomáticas, cuxo sentido non se deduce da suma dos seus elementos. Cábelles, entón, ao tradutor, encontrar un equivalente semántico ou pragmático na outra lingua. Baker (1992) discute varias estratexias para traducir esas expresións; estratexias similares ou complementarias son discutidas por varios outros autores de renome (Nida, 1964; Nida & Taber, 1969; Venuti, 1995; Newmark, 2020), mais tamén en investigacións máis recentes como Zhang, Q. & Jiaqi, W. (2010) e Horváthová (2014). Zhang & Jiaqi (2010) baséanse na teoría funcional da tradución (Nord, 1977) para presentar nove estratexias que poden ser aplicadas á tradución de expresións idiomáticas. Salientan, non obstante, que non se trata de encontrar unha expresión idiomática de sentido similar na lingua de chegada, senón de discutir se é apropiada ou non en determinado contexto cultural. Horváthová (2014), pola súa parte, pon énfase na necesidade de coñecemento cultural do tradutor, pois lingua e cultura están intimamente relacionadas, en especial nas expresións idiomáticas. Un claro exemplo é a expresión brasileira *a preço de banana*, que se refire a algo de baixo custo. En Europa, por exemplo, unha tradución literal non sería válida, pois esa froita ten un custo máis alto naquel continente. *Apple of discord*, en inglés, ten un equivalente case literal en portugués: *pomo da discórdia*; no entanto *apple polisher*, que significa ‘adulador’, non ten unha expresión idiomática do mesmo sentido en portugués. Por esa razón, non sempre é posíbel encontrar unha expresión idiomática equivalente, como apuntan varios autores (Adelnia & Dastjerdi, 2011; Kovács, 2016). É interesante salientar, con todo, que a maioría dos estudos que tratan sobre a tradución de expresións idiomáticas consideran linguas non-europeas, como é o caso de Hajiyeva (2025) que discute a tradución de varios exemplos auténticos, extraídos da literatura e dos medios de comunicación, abrangendo o inglés e o azerbaixano. Nese artigo a autora salienta que a tradución de expresións idiomáticas continúa sendo unha das tarefas máis complicadas nos estudos de tradución, pois moitas veces incorporan o espírito, o humor, os valores e a creatividade dunha cultura, alén de seren ricas en sentidos figurados e referencias culturais.

² A importancia da convencionalidade non se restrinxe á aprendizaxe dunha lingua, e pode ter implicacións en certos trastornos. Mousinho (2010) establece unha correlación directa entre esa noción de “falante inocente” con algúns prexuízos nas habilidades sociais observados no Autismo de Alta Capacidade (AAC).

Aínda que iso dificulte a súa tradución, a autora pensa que esa tarefa é vital para conferir autenticidade e impacto emocional.³ Por esa razón, pon énfase en que o tradutor é un mediador cultural e que, nun mundo cada vez máis globalizado, a tradución satisfactoria de expresións idiomáticas non é só unha tarefa lingüística, senón unha ponte entre culturas que fomenta a comprensión e a autenticidade na comunicación.⁴

En fin, o noso estudo diferénciase dos demais por se ocupar de dúas variantes de linguas europeas –español continental e portugués europeo– faladas no continente suramericano: español cubano e portugués brasileiro. Unha vez que as expresións idiomáticas xa representan un gran desafío ao tradutor humano, sería interesante investigar de que forma unha ferramenta automática como o ChatGPT «resolvería» a cuestión.

3. O ChatGPT

Mais que vén a ser o ChatGPT? Trátase dunha ferramenta que usa a intelixencia artificial (IA) para responder ás preguntas máis variadas. Existe unha versión gratuíta, mais tamén están dispoñíbeis versións de pago máis amplas, así como outras de dominios especializados. Para este estudo usaremos a versión gratuíta e as cuestións versarán sobre tradución. Nas ferramentas de tradución automática dispoñíbeis en Internet, como o Google Tradutor ou o DeepL, por citar só algunhas, introdúcese un texto e a ferramenta produce a tradución. O diferencial do ChatGPT, como o propio nome revela –*chat* en inglés quere dicir conversa–, permite que se converse coa ferramenta.

Desa forma pódese preguntar calquera cousa, por medio do que se denomina *prompt*,⁵ mesmo, por exemplo, podemos pedir que a ferramenta se autodefina. Para iso podemos introducir un *prompt* do tipo «Bo día. Gustaría de saber como se define, ou sexa, como funciona.» Feita esa pregunta, a resposta foi

Bo día!

Eu son ChatGPT, un modelo de linguaxe desenvolvido pola OpenAI, baseado na arquitectura GPT-4. Aquí ten unha visión xeral de como funciono.

E presentou unha longa lista cos seguintes asuntos:

Estrutura e adestramento:

1. **Arquitectura:** *Fun construído con base na arquitectura de Transformadores, introducida no artigo “Attention is All You Need” de Vaswani et al. (2017). Esta arquitectura permite que eu procese e entenda contextos de maneira eficiente, utilizando mecanismos de atención para focalizar en diferentes partes do texto de entrada.*

³ No orixinal: «The translation of idioms and slang remains one of the most intricate tasks in the field of translation studies. These linguistic units often embody the spirit, humor, values, and creativity of a culture. They are dense with figurative meaning and context-specific references, which makes them difficult to translate, yet vital for conveying authenticity and emotional impact.» (Hajiyeva, 2025, p. 290)

⁴ No orixinal: «In an increasingly globalized world, the successful translation of idioms and slang becomes not just a linguistic task, but a bridge between cultures, fostering understanding and authenticity in communication.» (Hajiyeva, 2025, p. 292)

⁵ Jiao et al. (2023) dedican unha sección para discutir que tipo de *prompt* presentaría os mellores resultados.

2. **Datos de adestramento:** *Fun adestrado nun gran conxunto de datos de texto tirados de Internet, incluíndo libros, artigos, sitios web, foros, e moito máis. Ese adestramento permíteme comprender e xerar textos en linguaxe natural con alta precisión.*
3. **Aprendizaxe non supervisada:** *Durante o adestramento, non fun explicitamente ensinado sobre gramática ou feitos. En vez diso, aprendín padróns e estruturas a partir dos datos de texto que lín, o que me permite prever a próxima palabra ou secuencia de palabras nun determinado contexto.*

Funcionamento:

1. **Entrada de texto:** *Recibo unha entrada de texto do usuario, que pode ser unha pregunta, unha frase, unha petición de información etc.*
2. **Procesamento:** *Utilizo o contexto da entrada para xerar unha resposta coherente e relevante. Iso inclúe a análise de palabras chave, sintaxe e semántica da entrada.*
3. **Xeración de resposta:** *Com base no contexto e no meu adestramento, produzo unha secuencia de palabras que forma unha resposta completa. Tento ser o máis relevante e útil posíbel, baseándome no que aprendín.*

Limitacións:

1. **Actualización de informacións:** *O meu coñecemento ten unha data de corte en 2023, e non teño acceso a informacións en tempo real. Iso significa que podo non estar informado de eventos ou desenvolvementos recentes.*
2. **Interpretación e contexto:** *Malia que eu son bastante bo en entender e xerar un texto, podo non captar matices ou contextos específicos que non estean claros na entrada do usuario.*
3. **Dependencia de datos de adestramento:** *A miña capacidade de fornecer respostas límitase aos datos nos que fun adestrado. Informacións que non están presentes neses datos poden non ser completamente precisas ou detalladas.*

Obxectivo:

O meu obxectivo principal é axudar e proporcionar informacións útiles, responder preguntas, crear textos, e interactuar de maneira natural cos usuarios, facilitando diversas tarefas que implican linguaxe.

E finaliza:

Espero que iso axude a entender mellor como funciono! Se ten máis preguntas ou precisa de máis detalles, estou aquí para o axudar.

Enténdese, entón, que o ChatGPT funciona a partir dun enorme corpus de textos, talvez con máis de 1 trillón de unidades. É dese material de onde extrae as súas respostas, porén con limitacións, o que ha ficar claro no estudo aquí descrito.

Mais volvamos rapidamente ao seu funcionamento. O que a ferramenta denomina «entrada de texto», é coñecido como «prompt» e da claridade deses prompts dependen as respostas da ferramenta. Jiao et al. (2023), nun estudo para avaliar o funcionamento do ChatGPT en comparación co Google Translate e o DeepL, pediron que o ChatGPT

fornecese unha lista de dez *prompts* para executar unha tarefa de tradución. A partir de aí seleccionaron algúns, con lixeiras adaptacións, para os efectos de comparación:⁶

TP1 Traduzas estas sentenzas de [FONTE] a [ALBO]:

TP2 Responda sen aspas. Que significan estas sentenzas en [ALBO]?

TP3 Por favor, forneza a tradución en [ALBO] destas sentenzas:

Como se verá abaixo, nas seccións dedicadas á tradución, os *prompts* usados neste estudo son bastante similares ao TP3, que foi xustamente o que deu mellores resultados no estudo de Jiao *et al.* (2023).

O noso estudo consiste en dúas etapas: a) obtención das expresións idiomáticas en dúas linguas, e b) tradución das expresións idiomáticas en cada lingua á outra lingua. Así, os *prompts* arriba descritos foron utilizados na segunda etapa.

As expresións idiomáticas tamén representan un problema para os sistemas de Procesamento de Linguaxe Natural (PLN), tema discutido por Wehrli (1998) en relación ao desenvolvemento do sistema de tradución ITS-2, Francés-Inglés. O autor salienta que os sistemas automáticos de tradución naquela época eran incapaces dun tratamento adecuado das expresións idiomáticas. O seu artigo detalla as etapas de análise sintáctica, léxica e semántica polas que pasa unha expresión idiomática naquel sistema para chegar ao seu equivalente na outra lingua.

Xa Jiao *et al.* (2023) avalían o funcionamento do ChatGPT para a tradución «de diferentes pares de linguas considerando tanto a diferenza dos recursos (ex. altos vs. baixos) e familias de linguas (ex. europeas vs. asiáticas)»⁷ e conclúen que o GPT-4 presentou un funcionamento significativamente mellor en relación ao GPT-3.5. Neste estudo empregamos a versión GPT-4, e ambas as linguas son, como xa dixemos, do continente americano –portugués brasileiro e español cubano–, aínda que derivadas de linguas europeas.

4. Expresións idiomáticas con froitas en español cubano e portugués brasileiro

Cando iniciéi o estudo propiamente dito, a miña primeira pregunta foi: «Podería fornecermes unha lista das 10 expresións idiomáticas ou metafóricas máis frecuentes con nomes de froitas en español cubano, por favor?»

O ChatGPT non só deu a lista, senón que incluíu o significado e un exemplo:

Claro! Aquí ten unha lista de 10 expresións idiomáticas ou metafóricas con nomes de froitas que se usan frecuentemente no español cubano:

⁶ No orixinal (Jiao *et al.*, 2023):

«TP1 Translate these sentences from [SRC] to [TGT]:

TP2 Answer with no quotes. What do these sentences mean in [TGT]?

TP3 Please provide the [TGT] translation for these sentences:»

⁷ No orixinal: «Thus, we are curious about how ChatGPT performs on different language pairs considering both the resource difference (e.g., high vs. low) and language family (e.g., European vs. Asian).» (Jiao *et al.*, 2023)

- (1) **Dar una piña:** Significa dar unha puñada ou un golpe.
Exemplo: “Le dio una piña y lo dejó en el suelo.”
- (2) **Meterse en un guayabo:** Significa estar triste ou deprimido, especialmente por unha ruptura amorosa.
Exemplo: “Desde que terminaron, él se metió en un guayabo.”
- (3) **Ser la guayaba podrida:** Referirse a alguén que é unha má influencia ou que causa problemas.
Exemplo: “No confíes en él, es la guayaba podrida del grupo.”
- (4) **Ser un mango:** Ser moi atractivo ou fermoso.
Exemplo: “Esa chica es un mango.”
- (5) **Irse pa'l boniato:** Significa irse ou partir, moitas veces abruptamente.
Exemplo: “Después de la pelea, se fue pa'l boniato.”
- (6) **Estar en la papaya:** Estar nunha situación fácil ou vantaxosa.
Exemplo: “Con ese trabajo, estás en la papaya.”
- (7) **Caerse de la mata de coco:** Ser sorprendido por algo obvio ou evidente.
Exemplo: “¿De verdad no lo sabías? ¡Te caíste de la mata de coco!”
- (8) **Buscarse el aguacate:** Procurar problemas ou complicacións.
Exemplo: “Si sigues así, te vas a buscar el aguacate.”
- (9) **Tener platanitos en el bolsillo:** Ter diñeiro ou estar nunha boa situación financeira.
Exemplo: “No te preocupes por la cuenta, tengo platanitos en el bolsillo.”
- (10) **Ser un limoncito:** Referirse a alguén que ten mao humor ou que é difícil de tratar.
Exemplo: “No le hagas caso, es un limoncito.”

Esas expresións reflicten a riqueza e a creatividade da linguaxe coloquial cubana, usando froitas para transmitir unha chea de significados e emocións.

Aínda que o exemplo 5 non contaña un nome de froita –o «boniato» é a *batata-doce* en portugués–, a miña resposta e seguinte pregunta foi: «Excelente. Agora gustaría de saber cales son as 10 expresións idiomáticas ou metafóricas máis frecuentes con nomes de froitas en portugués brasileiro.»

Velaquí a resposta:

Claro! Aquí ten unha lista de 10 expresións idiomáticas ou metafóricas con nomes de froitas en portugués brasileiro:

Trocar as bolas: *Confundirse, equivocarse.*

Exemplo: “Ele trocou as bolas na explicação e deixou todo mundo confuso.”

- (1) **Amigo da onça:** *Alguén que finxe ser amigo, mais que non se pode confiar nel.*

Exemplo: “Cuidado com ele, é um amigo da onça.”

- (2) **Dar uma banana:** *Desdeñar ou desprezar alguén ou algo.*
Exemplo: “Ele deu uma banana para as críticas e continuou seu trabalho.”
- (3) **Descascar o abacaxi:** *Resolver un problema difícil.*
Exemplo: “Ela foi chamada para descascar o abacaxi da empresa.”
- (4) **Encher linguiça:** *Falar ou escribir moito sen dicir nada relevante.*
Exemplo: “O professor pediu um resumo, mas ele só encheu linguiça.”
- (5) **Colher os frutos:** *Aproveitar os beneficios de algo que se fixo.*
Exemplo: “Depois de anos de estudo, finalmente estou colhendo os frutos.”
- (6) **Ser um melão:** *Alguén que é distraído ou confuso.*
Exemplo: “Ele é um melão, vive perdendo as coisas.”
- (7) **Dar uma de João-sem-braço:** *Finxir que non sabe de algo para evitar responsabilidades.*
Exemplo: “Ele deu uma de João-sem-braço para não ajudar na mudança.”
- (8) **Deu ruim:** *Fallou, non tivo un bo resultado.*
Exemplo: “Tentei consertar o carro, mas deu ruim e agora está pior.”
- (9) **Pagar o pato:** *Levar a culpa ou cargar coas consecuencias de algo que non fixo.*
Exemplo: “Ele não teve nada a ver com o erro, mas acabou pagando o pato.”

Esas expresións son ben comúns no día a día dos brasileiros e ilustran como a linguaxe pode ser creativa e colorida ao usar metáforas e comparacións con froitas e outras figuras de linguaxe.

Cómpre resaltar que a ferramenta, de feito, produciu dez expresións idiomáticas, ou sexa, foi capaz de identificar a idiomaticidade dunha secuencia de palabras. Secasí, aquí tamén comezou o problema, pois, das dez solicitadas, sete non eran respostas satisfactorias, a pesar do comentario da ferramenta ao final da lista. Iso demostra que a persoa que fai a consulta debe ter un mínimo de coñecemento da área en que fai a pregunta para poder avaliar a calidade da resposta.

Así, insistín: «Trocar as bolas, amigo da onça, encher linguiça, colher os frutos, dar uma de João-sem-braço, deu ruim e pagar o pato non conteñen nomes de froitas. Eu só quero expresións idiomáticas con nomes de froitas.»

A resposta foi

Claro, desculpe pola confusión. Aquí ten unha lista revisada con 10 expresións idiomáticas ou metafóricas en portugués brasileiro que inclúen nomes de froitas.

Non obstante, foron engadidas só dúas expresións con froitas: *É uma uva* e *Quebrar o coco e arrebentar a sapucaia*; cómpre comentar que esa última parece non estar completa, pois a expresión sería *Quebrar o coco e não arrebentar a sapucaia*. Tanto o *coco* como a *sapucaia* son dúas froitas de cascas bastante duras. Mais, o coco, ao caer, pode quebrar, en canto que a *sapucaia*, aínda que caía, ten unha película interna que

non rompe, protexendo as sementes. Así, o significado da expresión sería resolver un problema (*quebrar o coco*) sen causar danos maiores (*sem arrebentar a sapucaia*).

Hai seis ocorrencias no Corpus do Portugués – NOW, todas elas referentes a Cissa Guimarães, unha presentadora de TV:

Mas depois de um tempo, os próprios atores brincavam e diziam que iam mandar [erros] para o programa — relembra Cissa Guimarães, que na época era chamada por Falabella de “a garota que quebra o coco mas não arrebenta a sapucaia” e que criou, ela mesma, alguns bordões que fizeram fama para além do “Vídeo show”. (<https://oglobo.globo.com/cultura/revista-da-tv/video-show-embarca-de-vez-no-tunel-do-tempo-23359318>)

No entanto, parece que a versión suxerida pola ferramenta tamén existe cun sentido lixeiramente diverso: resolver un problema (*quebrar o coco*) e ir até o fin (*arrebentar a sapucaia*). Desa forma, sen un contexto maior, é difícil avaliar se a versión ofrecida pola ferramenta é a máis corrente, pois o ChatGPT aínda non produce datos de frecuencia. Certamente, é unha expresión de difícil comprensión para quen descoñece esas froitas, en especial a *sapucaia*, froita orixinaria da rexión da selva amazónica, no Brasil, razón pola que a expresión é máis usual no norte do país. Encontrar unha expresión semántica e pragmaticamente equivalente con certeza é un gran desafío.

A expresión *ser um melão*, que, na realidade, non é unha expresión idiomática, foi substituída por outra expresión que non contiña nome ningún de froita. Para evitar a transcripción de todas as «conversas», vide abaixo o Cadro 1, que presenta todas as expresións presentadas nas catro intervencións.

Mais aínda había seis expresións –das dez solicitadas– que non incluían nomes de froitas (*amarelar*, *cair no conto do vigário*, *fazer das tripas coração*, *estar com a macaca*, *saco de gatos*, *tomar chá de cadeira*). Desa feita, emporiso, o ChatGPT incluíu unha «explicación» para eses exemplos, como en

Amarelar: (Referencia ao limón, que pode ser amarelo.)

ou unha alternativa:

Cair no conto do vigário: Ser enganado ou burlado. (Malia que a expresión completa non mencione unha froita, unha variación común é “cair no conto da fruta”.)

Exemplo: “Ele caiu no conto da fruta e perdeu dinheiro.”

Unha busca en Internet proporcionou só dous exemplos, mais ambos referenciais, ou sexa, menciónase unha froita –*mamão* no exemplo seguinte– e despois referénciase na expresión idiomática:

Na edición desta segunda, 2, ele recorreu à velha piada do mamão para chamar atenção. A elegante Sandra caiu no conto da fruta, e ambos se desmancharam em gargalhadas. (<https://www.brasil247.com/geral/evaristo-faz-piada-do-mamao-e-cai-no-riso>)

Claramente, «fruta» refírese ao *mamão* citado unha liña antes.

Eis outro caso en que a substitución da palabra que non é froita por unha que é froita xerou un exemplo en que se perdeu a expresión idiomática:

Tomar um chá de cadeira: Esperar durante moito tempo. (“Chá” non é unha froita, mais a expresión pode ser trocada para incluír froitas, como “tomar um chá de laranja”).

Exemplo: “Ele tomou um chá de laranja esperando na sala de espera.”

Nese exemplo fica claro que «chá de laranja» é denotativo, ou sexa, a expresión deixou de ser idiomática.

No entanto, o propio ChatGPT ten «consciencia» das súas limitacións como se ve no treito de abaixo, parte da súa autodefinición:

Interpretación e contexto: *Ainda que son bastante bo en entender e xerar textos, podon non captar certos matices ou contextos específicos que non estean claros na entrada do usuario.*

En realidade, nos casos citados arriba, non se trata de que algo non estea claro «na entrada do usuario», pois o meu *prompt* establecía claramente que os resultados deberían incluír «expresións idiomáticas ou metafóricas con **nomes de froitas**» (destacado meu). Por esa razón a miña resposta foi

Infelizmente, non son [adecuadas]. Só as expresións 1, 2, 5 e 6 son adecuadas para o meu estudo. Certamente debe de haber outras expresións con froitas que tamén sexan usuais no portugués brasileiro.

A resposta, desa vez, foi máis adecuada, restando só unha expresión que non contiña froita: *Dar com os burros n’ água*. A ferramenta entón suxeriu

Segurar a maçã: *Controlar unha situación ou manter algo baixo control.*

Exemplo: “Durante a crise, ele conseguiu segurar a maçã e evitar o caos.”

Con todo, non hai ningunha ocorrencia desa expresión no Corpus do Português – NOW (<https://www.corpusdoportugues.org/now/>), que contén máis dun billón de palabras.

Pera doce tamén causou estrañeza. Unha busca no Corpus do Português – NOW, obtivo 37 ocorrencias, todas de portugués europeo,⁸ como:

Aqueles que acreditam que é pera doce ser emigrante em os dias de hoje, enganam-se.

Mas chegar até aqui não foi pera doce.

Nese caso, a ferramenta non fixo distinción entre o portugués brasileiro, que constaba claramente no *prompt*, e o portugués europeo, ofrecendo unha alternativa incorrecta.

Para unha visualización clara de todas as alternativas ofrecidas polo ChatGPT, ofrezco unha táboa coas expresións suxeridas nas catro «conversas». As expresións que conteñen nomes de froitas están destacadas en letra grosa:

⁸ Descubrín, hai pouco, por un colega portugués, que *pera doce* é unha expresión común no seu país.

Cadro 1. Comparación entre as catro listas producidas polo ChatGPT4 para expresións idiomáticas con nomes de froitas. Fonte: A autora

	1ª lista	2ª lista	3ª lista	4ª lista
(1)	Trocar as bolas	Quebrar o coco e arrebeitar a sapucaia	Quebrar o coco e arrebeitar a sapucaia	Quebrar o coco e arrebeitar a sapucaia
(2)	Amigo da onça	É uma uva	É uma uva	É uma uva
(3)	Dar uma banana	Dar uma banana	Dar uma banana	Dar uma banana
(4)	Descascar o abacaxi	Descascar o abacaxi	Descascar o abacaxi	Descascar o abacaxi
(5)	Encher linguíça	Amarelar	Enfiar o pé na jaca	Enfiar o pé na jaca
(6)	Colher os frutos	Cair no conto do vigário	Chorar as pitangas	Chorar as pitangas
(7)	Ser um melão	Fazer das tripas, coração	Em tempo de murici, cada um cuida de si	Em tempo de murici, cada um cuida de si
(8)	Dar uma de João sem braço	Estar com a macaca	Dar com os burros n'água	Segurar a maçã ??
(9)	Deu ruim	Saco de gatos	Abacaxi	Abacaxi
(10)	Pagar o pato	Tomar um chá de cadeira	Pêra doce ??	Pêra doce ??

Obsérvase que na 3ª lista aparecen algunhas expresións máis que inclúen nomes de froitas menos coñecidas por un público estranxeiro: *jaca*, *pitanga* e *murici*. Vexamos, máis adiante, as traducións presentadas polo ChatGPT4.

Secasí, o que máis sorprende en todo ese proceso foi que a ferramenta non identificou o que sería unha froita, pois das dez expresións iniciais que forneceu, só tres contiñan o nome dunha froita. Foron necesarias varias «conversas» até chegar a oito respostas satisfactorias. Nese punto, decidín interromper a parte do portugués e solicitar que traducise as expresións en portugués brasileiro ao español cubano.

5. Tradución das expresións en portugués brasileiro ao español cubano

Consciente de que raramente hai unha equivalencia lexical entre as linguas, formulei o *prompt* da seguinte maneira: «Podería traducir, se é posíbel, esas 10 expresións ao español cubano cunha expresión idiomática equivalente?»

Claro! Vou traducir cada expresión idiomática ao español cubano e dar unha expresión equivalente cando sexa posíbel:

- (1) **Descascar o abacaxi:** Resolver un problema difícil.
Español cubano: Descascar el plátano (Resolver un problema difícil).
Exemplo: “Siempre tiene que descascar el plátano del equipo.”
- (2) **Dar una banana:** Desdeñar ou desprezar alguén ou algo.
Español cubano: Dar una piña (Desprezar alguén ou algo).
Exemplo: “Él le dio una piña a las críticas y siguió con su trabajo.”
- (3) **É uma uva:** Algo ou alguén moi fermoso ou atractivo.
Español cubano: Está como un mango (Algo ou alguén moi fermoso ou atractivo).
Exemplo: “Esa chica está como un mango.”
- (4) **Quebrar o coco e arreventar a sapucaia:** Resolver todos os problemas, independentemente das dificultades.
Español cubano: Romper el coco (Resolver todos os problemas).
Exemplo: “Él logró romper el coco en el proyecto.”
- (5) **Enfiar o pé na jaca:** Esaxerar, especialmente en festas ou con bebidas.
Español cubano: Meterse en el bonche (Esaxerar nunha festa ou con bebidas).
Exemplo: “En la fiesta de ayer, él se metió en el bonche.”
- (6) **Chorar as pitangas:** Lamentarse, protestar.
Español cubano: Llorar el guayabo (Lamentarse, queixarse).
Exemplo: “Después de la ruptura, él pasó semanas llorando el guayabo.”
- (7) **Em tempo de murici, cada um cuida de si:** En tempos difíciles, cada un cuida dos seus propios intereses.
Español cubano: En tiempos de vacas flacas, cada cual cuida su mango (En tempos difíciles, cada un cuida dos seus intereses).
Exemplo: “Con la crisis económica, en tiempos de vacas flacas, cada cual cuida su mango.”
- (8) **Abacaxi:** Algo ou alguén que é un problema ou difícil de tratar.
Español cubano: Piña agria (Algo ou alguén que é un problema).
Exemplo: “Ese proyecto es una piña agria.”
- (9) **Pêra doce:** Algo ou alguén fácil de tratar ou que non presenta dificultades.
Español cubano: Melón dulce (Algo ou alguén fácil de tratar).
Exemplo: “Ese nuevo trabajo es un melón dulce comparado con el anterior.”
- (10) **Segurar a maçã:** Controlar unha situación ou manter algo baixo control.
Español cubano: Agarrar la papaya (Controlar unha situación).
Exemplo: “Durante la crisis, él logró agarrar la papaya y evitar el caos.”
Espero que esas traducións e equivalencias sexan útiles!

Para avaliar se esas traducións eran satisfactorias, tiven que recorrer a unha falante nativa de Cuba,⁹ que considerou que as máis delas non eran empregadas na súa terra natal. En relación a *dar una piña*, afirmou que existe a expresión, conforme atesta o REA (Diccionario de la lengua española - Real Academia Española), mais que non era común no seu país. Por outra parte, *ser un mango* úsase en Cuba sempre co verbo *ser*, non *estar*. Canto a *caerse de la mata de coco*, informoume que se usa só a primeira parte, ou sexa, *se cayó de la mata*. En resumo, das dez expresións ofrecidas polo ChatGPT, só dúas se empregaban de feito en Cuba. Conforme a informante afirmou: «As restantes frases, para min polo menos, non son coñecidas en Cuba» (e-mail persoal).

Foi, con todo, amábel, e suxeriu as seguintes expresións, cos seus significados:

- (1) **Mi media naranja**: Refírese ao compañeiro ou compañeira ideal, ou á esposa ou esposo.
- (2) **Ponerle las peras a cuatro**: Rifarlle a alguén ou dicirlle claramente o que pensa.
- (3) **Estar más pelado que un plátano**: Cando se está a pasar por unha situación económica apertada ou difícil.
- (4) **Estar comiendo cáscara de piña**: Actuar estupidamente.
- (5) **¿Por dónde le entra el agua al coco?**: Acostúmase dicir cando se descoñece algo.
- (6) **Acabar con la quinta y con los mangos**: É unha expresión que se emprega a miúdo cando alguén comete algunha torpeza, desatino e mesmo algunha falcaturada.
- (7) **¡Tremendo arroz con mango!**: Refírese a unha combinación incongruente, sen sentido, algo disparatado; significa lea ou confusión.
- (8) **¡Le zumba el mango!**: Expresa énfase case sempre acompañado de manifestacións de descontentamento, indignación ou abraio.
- (9) **¡No le pongas/des coco a eso!**: Non te preocupes, non lle deas tanta importancia.
- (10) **¡Eso está mamey!**: Cando algo é de calidade, cando algo é bo.

Seguidamente, introducín esas expresións no ChatGPT, solicitando que me explicase o significado de cada un deses exemplos. A resposta foi:

Bo día! Claro, vou explicar o significado de cada expresión en español e dar cadanseu exemplo:

Mi media naranja: Refírese á “minha cara-metade” ou “minha alma gêmea”, ou sexa, a persoa ideal para alguén nunha relación amorosa.

Exemplo: *Juan es mi media naranja, somos perfectos el uno para el otro.*

Ponerle las peras a cuatro: Significa ‘pór alguén no seu lugar’ ou ‘rifarlle a alguén’.

Exemplo: *La profesora le puso las peras a cuatro a los alumnos por no hacer la tarea.*

⁹ Agradezo a Rachel Romero Pupo por analizar as opcións ofrecidas polo ChatGPT canto a seren usuais en Cuba e a fornecerme algunhas que son de feito alí empregadas.

Estar más pelado que un plátano: Significa 'estar sen diñeiro' ou 'estar arruinado'.

Exemplo: No puedo salir esta noche, estoy más pelado que un plátano.

Estar comiendo cáscara de piña: Refírese a 'estar pasando por dificultades' ou 'estar nunha situación complicada'.

Exemplo: Desde que perdió su trabajo, está comiendo cáscara de piña.

¿Por dónde le entra el agua al coco?: Utilizado para expresar confusión ou para preguntar como funciona algo ou como resolver un problema.

Exemplo: Este rompecabezas es muy complicado, ¿por dónde le entra el agua al coco?

Acabar con la quinta y con los mangos: Significa 'destruír todo' ou 'acabar con todo'.

Exemplo: El huracán acabó con la quinta y con los mangos en el pueblo.

¡Tremendo arroz con mango!: Usado para describir unha situación confusa, caótica ou enleada.

Exemplo: La fiesta se convirtió en un tremendo arroz con mango cuando llegaron los invitados sorpresa.

¡Le zumba el mango!: Expresa sorpresa ou incredulidade ante algo impresionante ou incribel.

Exemplo: ¡Le zumba el mango que hayas terminado ese proyecto en un día!

¡No le pongas/des coco a eso!: Significa 'non lle deas importancia a iso' ou 'non te preocupes por iso'.

Exemplo: No le pongas coco a esos rumores, no tienen fundamento.

¡Eso está mamey!: Significa 'iso é moi fácil' ou 'iso está moi ben'.

Exemplo: El examen de matemáticas estuvo mamey, lo terminé en media hora.

Nótese que, na maioría dos casos, a explicación dada polo ChatGPT coincide coa fornecida pola falante nativa. Iso confirma que a ferramenta está máis preparada para «explicar» ca para «encontrar». Noutras palabras, a partir dun «texto» o ChatGPT consegue identificar o seu sentido, pois ten á súa disposición un gran número de expresións similares contextualizadas, a partir das que pode extraer o seu significado.

6. Tradución do español cubano ao portugués brasileiro

Para continuar a avaliación do ChatGPT, pedín que encontrase equivalentes desas expresións en portugués, usando sempre nomes de froitas. Velaquí a resposta:

Claro, podo tentar encontrar expresións equivalentes en portugués usando nomes de froitas. Aquí van:

(1) *Mi media naranja:*

Equivalente en portugués: *Minha metade da laranja.*

Exemplo: *Maria é minha metade da laranja, somos perfeitos um para o outro.*

(2) ***Ponerle las peras a cuatro:***

Equivalente en portugués: Dar um “chá de caju”.

Exemplo: O chefe deu um “chá de caju” nos funcionários que chegaram atrasados.

(3) ***Estar más pelado que un plátano:***

Equivalente en portugués: Estar mais liso que quiabo.

Exemplo: Não posso sair hoje, estou mais liso que quiabo.

(4) ***Estar comiendo cáscara de piña:***

Equivalente en portugués: Estar chupando o caroço do abacate.

Exemplo: Desde que perdeu o emprego, ele está chupando o caroço do abacate.

(5) ***¿Por dónde le entra el agua al coco?:***

Equivalente en portugués: Onde está a polpa do abacaxi?

Exemplo: Esse quebra-cabeça é muito complicado, onde está a polpa do abacaxi?

(6) ***Acabar con la quinta y con los mangos:***

Equivalente en portugués: Descascar o abacaxi até o caroço.

Exemplo: A tempestade descascou o abacaxi até o caroço na cidade.

(7) ***¡Tremendo arroz con mango!:***

Equivalente en portugués: Tremenda salada de frutas.

Exemplo: A festa virou uma tremenda salada de frutas quando chegaram os convidados inesperados.

(8) ***¡Le zumba el mango!:***

Equivalente en portugués: Dá pra espremer essa laranja!

Exemplo: Dá pra espremer essa laranja que você terminou esse projeto em um dia!

(9) ***¡No le pongas/des coco a eso!:***

Equivalente en portugués: Não dê bola para isso.

Exemplo: Não dê bola para esses boatos, não têm fundamento.

(10) ***¡Eso está mamey!:***

Equivalente en portugués: Isso está mamão com açúcar.

Exemplo: A prova de matemática estava mamão com açúcar, terminei em meia hora.

Máis unha vez, os resultados en portugués deixan bastante que desexar, xa que das dez expresións cinco delas non son usuais. Nas miñas buscas, non encontrei ningunha referencia a «chá de caju» como expresión idiomática. Aínda que ocorrese o mesmo con «chupar caroço de abacate», sería admisíbel o seu sentido de ‘estar pasando por

dificultades’, xa que o *caroço* (a carabuña, en galego) do aguacate é totalmente liso, e non hai o que «chupar». Encontrei só un exemplo en Internet, que aparece truncado:

Futaco - O ano era 1988, e o xogo era uma semifinal de...

Facebook

<https://m.facebook.com> > story

Há [sic] ponto de deixar Cruijff com ciúmes. Obs: Por isso estão [sic] na arjeta **chupando caroço de abacate**. Assistindo todo sucesso da França ao longo desses vinte e seis ...

Porén, no Corpus do Portugués temos dous exemplos. No primeiro fica claro o significado de ‘dificultade’, mais no segundo, o sentido non fica claro. A referencia é a unha investigación, mais a imaxe de que «non passa nem caroço de abacate na mão» realmente é enigmática.

(1) Guerrinha: “Jogo em Pelotas vai ser caroço de abacate para o Inter”

Atrapalhado, com duas péssimas atuações recentes, bombardeado de críticas, o Inter enfrenta, neste sábado, no Bento Freitas, um caroço de abacate: o motivado Brasil-Pel, que costuma jogar o máximo dentro das sua casa e ao lado do seu fanático povo. (<https://gauchazh.clicrbs.com.br/esportes/noticia/2017/06/guerrinha-jogo-em-pelotas-vai-ser-caroco-de-abacate-para-o-inter-9824178.html>)

(1) Esse conselheiro deve estar com aquilo em a mão, não passa nem **caroço de abacate**. Certeza que essa operação vai chegar em os conselheiros e deputados. (<https://www.folhamax.com/entrelinhas/tce-reclama-de-postura-do-mpe/129962>)

Por outra parte *Onde está a polpa do abacaxi?* para expresar confusión ou preguntarse como resolver un problema e *Descascar o abacaxi até o caroço* co sentido de ‘destrución completa’ tamén son descoñecidas. É común usarmos *descascar um abacaxi* no sentido de resolver un problema, posto que é común o emprego desa froita para denotar un problema:

*“Na empresa, o gerente pediu para eu resolver um problema sério com um cliente insatisfeito. Foi um baita desafio, mas consegui **descascar esse abacaxi** e fechar um novo contrato com ele.”*

Nesa frase, “descascar um abacaxi” significa facer fronte a unha situación difícil ou resolver un problema complicado. (ChatGPT)

Ao lle preguntar novamente ao ChatGPT se podería dar exemplos e explicar o significado daquelas dúas expresións, obtiven a seguinte resposta:

(1) “Descascar o abacaxi até o caroço”

Exemplo:

*“Para resolver o problema de inadimplência da empresa, tivemos que **descascar o abacaxi até o caroço**, identificando todos os erros no processo de cobrança e corrigindo cada detalhe.”*

***Significado:** Esa expresión enfatiza a idea de ir ao fondo do problema, resolvendo cada detalle, por difícil que sexa. Está relacionada con afrontar algo complicado até a raíz.*

***Uso no portugués brasileiro:** Aínda que “descascar o abacaxi” sexa común, a versión “até o caroço” é menos usada no día a día. Pode aparecer en contextos onde se pon énfase en resolver un problema até o fin, mais é máis rara.*

(2) “Onde está a polpa do abacaxi?”

Exemplo:

“Vocé apresentou o problema, mas **onde está a polpa do abacaxi?** Precisamos saber qual é a verdadeira questão para buscar uma solução.”

Significado: “Onde está a polpa do abacaxi?” suxire a idea de buscar o esencial ou o punto principal dunha cuestión. Refírese á parte importante ou ao contido principal de algo.

Uso no portugués brasileiro: Esa expresión é bastante pouco común. Malia que o abacaxi sexa frecuentemente usado en metáforas, a idea de “polpa” non aparece de forma habitual. Non obstante, o seu significado está claro no contexto, aínda que non sexa unha frase popular:

En resumo, en canto *descascar o abacaxi* é amplamente coñecida, *até o caroço* é unha variación menos común, e *onde está a polpa do abacaxi?* case non aparece no vocabulario do cotián no Brasil.

Informei ao ChatGPT de que «el mesmo» suxerira esa tradución, e obtiven a seguinte explicación:

No entanto, a tradución que ofrecín, “descascar o abacaxi até o caroço”, non expresa exactamente o mesmo concepto en portugués brasileiro. Está máis relacionada co acto de resolver un problema até o fin, enfrontando todas as dificultades, e non co sentido de destrución ou esgotamento total.

Para expresar o concepto de “destruição total” en portugués brasileiro, algunhas expresións máis axeitadas serían:

“Passar o trator” (significa destruír completamente algo, sen deixar nada).

“Destruir até o talo” ou “Acabar até o osso” (fan énfase na idea de esgotamento completo ou destrución total).

Logo, a expresión “descascar o abacaxi até o caroço” en portugués brasileiro non se axusta con precisión para traducir “Acabar con la quinta y con los mangos”, que ten un sentido máis devastador.

Ou sexa, o propio ChatGPT «recoñeceu» o seu erro e suxeriu novas traducións para a expresión en español cuxo sentido é de destrución completa.

Por último, para traducir *¡Le zumba el mango!*, cuxo sentido é de sorpresa ou incredulidade, deuse inicialmente a expresión *Dá pra espremer essa laranja!* Consultada esa dúbida ao ChatGPT, este confirmou que non é común e suxeriu:

Se está buscando unha expresión máis típica que denote sorpresa ou incredulidade, sería algo como:

“Não acredito!”

“É sério isso?”

“De verdade?”

Na miña opinión, ese *chat*, esa conversa, revelou tanto os puntos fortes como os fracas do ChatGPT4, que discutiremos a seguir.

7. Algunhas consideracións

Ese pequeno estudo permitiu observarmos algúns puntos:

- **Datos de adestramento:** Na primeira tarefa, ofrecer dez expresións idiomáticas con nomes de froitas en español cubano, a ferramenta produciu de feito nove expresións con nomes de froitas en español, mais non todas eran da variante cubana. Iso pode indicar que hai pouco material en español cubano ou que o material non é etiquetado canto á súa procedencia. Por outra parte, o propio ChatGPT recoñece a súa «dependencia dos datos de adestramento», ou sexa, a súa capacidade é «limitada aos datos nos cales [foi] adestrado». Nunha recente investigación sobre eses datos, a ferramenta informou que hai 20 países en que a lingua oficial é o español, en canto que só 9 teñen como lingua oficial o portugués. Esa discrepancia reflíctese na estimativa de participación no adestramento da ferramenta. Para o español a estimativa é de 3% a 6%, o que suxire un funcionamento práctico excelente, en canto que para o portugués a participación é de 1% a 3%, aínda así considerado «moi bo ou excelente».

En relación ás variantes investigadas neste estudo, o ChatGPT (GPT-5) presentou os seguintes datos:

Cadro 2. Variantes: cantidade de datos × representatividade. Fonte: ChatGPT4, consultado no 18/10/2025

Variante	Presenza no corpus	Observación
Portugués do Brasil BR	elevada	BR é a variedade dominante dentro do «portugués» en modelos modernos, debido ao volume web
Español cubano CU	moderada/baixa	Corpus digital menor; moito contido cultural e xornalístico, mais poucos datos conversacionais

Informou tamén que o español latinoamericano está ben representado como macrovariedade, mais que «Cuba aparece menos ca México, a Arxentina e Colombia. Aínda así, *hai suficientes datos para producir un estilo marcadamente cubano*, só que con menor grao de detalle sociolingüístico.» (destacado da ferramenta) (ChatGPT (GPT-5), consulta feita o 18/10/2025), o que, infelizmente, non se comprobou neste estudo. A ferramenta non produciu expresións en español cubano.

Ao ser inquirida sobre o feito de, ao lle ser solicitada unha lista de dez expresións idiomáticas con nomes de froitas en portugués brasileiro, a ferramenta ter só producido dúas correctas, a explicación foi que o «modelo activa o campo semántico “comida / ditos populares / metáforas alimentarias”, non necesariamente “froitas” pois, en realidade, non hai tantas expresións idiomáticas consagradas con froitas no PB como, por exemplo,

con *comida en xeral, animais, corpo humano, plantas ou obxectos*». (ChatGPT (GPT-5), consulta feita o 18/10/2025.) A pesar desa explicación, aínda resulta estraño que a ferramenta producise máis expresións con froitas en español cubano, cuxo número de datos de adestramento é inferior, ca en portugués brasileiro.

- **Matices e contextos específicos:** Na petición do mesmo tipo de expresións para o portugués brasileiro, o ChatGPT presentou uns resultados moi por debaixo da media, ou sexa, das dez expresións solicitadas, só tres contiñan nomes de froitas. Alertado sobre esa eiva, ofreceu unha nova lista, que contiña só catro expresións correctas. Non obstante, foi interesante, observar que presentou «explicacións» ou «xustificacións» para os seus resultados. Por exemplo, para «chá de cadeira» recoñeceu que, aínda que *chá* (té en galego) non sexa unha froita «a expresión pode ser trocada para incluír froitas, como “tomar um chá de laranja”», o que demostra a súa incapacidade de «captar matices ou contextos específicos». A pesar de restrinxir esa deficiencia a casos «que non estean claros na entrada do usuario», non foi ese o «caso», posto que a entrada, ou sexa, o *prompt*, deixaba clara a necesidade de as expresións incluíren nomes de froitas. En síntese, creo que se pode aventurar a hipótese de que o portugués brasileiro aínda non está ben documentado, malia que, como se ve no Cadro 2 de arriba, a variante brasileira é dominante. Porén o estudo demostrou que, de feito, o ChatGPT aínda non ten a capacidade de identificar connotacións dependentes de contexto, neste caso a connotación da froita na expresión idiomática.
- **Certa familiaridade do usuario coa área de investigación:** No que se refire á tradución, o ChatGPT tivo un bo resultado na dirección portugués → español, malia que non todas as expresións en español fosen recoñecidas como da variante cubana. Unha lista de expresións en español cubano foi entón introducida para traducir ao portugués. O resultado presentou catro expresións non usuais no noso idioma. Cuestionado sobre esas expresións, o ChatGPT recoñeceu a inexactitude e ofreceu outras posibilidades con nomes de froitas. Con todo, dúas aínda eran estrañas: *pera doce e segurar a maçã*. A primeira acabou sendo identificada como expresión do portugués europeo, en canto a segunda continúa sendo totalmente descoñecida. Considero que o procedemento presentado indica que é necesario que o usuario teña algún coñecemento da área en que está indagando para poder avaliar a calidade da resposta. Por outro lado, presenta a vantaxe de se poder «conversar» coa ferramenta, tentando resolver o problema, o que non é posíbel coas ferramentas especificamente adestradas para a tradución, pois non ofrecen unha segunda oportunidade.
- **Alcance das posibilidades de investigación:** Malia que o estudo tivese por finalidade observar a tradución de expresións idiomáticas, a primeira tarefa solicitada foi a produción de expresións idiomáticas que contivesen nomes de froitas, ou sexa, unha tarefa que ningunha outra ferramenta –salvo outras similares ao ChatGPT– podería desempeñar. Mais mesmo así, o seu funcionamento foi aceptábel: produciu expresións idiomáticas, mais non tivo a

capacidade de identificar froitas. Segundo a súa explicación, os seus datos non teñen esa «micro» categorización; alimentación é a categoría en que se insiren as froitas.

- **Posibilidade de interacción coa ferramenta:** A gran vantaxe do ChatGPT é que posibilita unha interacción, ou sexa, cuestionar a ferramenta cando ofrece solucións dubidosas. Na maioría dos casos aquí relatados, esa «conversa» acabou xerando boas solucións, así como na maioría dos casos, ofreceu explicacións plausíbeis para os problemas detectados.

En suma, a ferramenta demostrou ser útil para a tarefa de tradución de expresións idiomáticas sempre que o usuario identifique os «desvaríos» e interpele a ferramenta até chegar a un resultado minimamente satisfactorio. Os nosos resultados corroboran o estudo de Alkhatnai (2025) que avaliou o papel das ferramentas de IA, no caso ChatGPT e DeepL, na mediación da tradución intercultural entre o chinés e o árabe. Segundo o autor, as ferramentas foron ben avaliadas en xeral, excepto no caso de expresións idiomáticas e matices culturais, que esixiron intervención humana.¹⁰ E foi exactamente o que ocorreu no noso estudo.

Considero que María Luísa, se tivese tempo, tería feito uso do ChatGPT para producir outros tantos estudos na área da Fraseoloxía, que lle era tan querida. Espero, no entanto, que este pequeno estudo incentive outros investigadores a faceren uso desa ferramenta tan prometedora para os seus traballos.

8. Referencias bibliográficas

- Adelnia, A., & Dastjerdi, H. V. (2011). Translation of idioms: A hard task for the Translator. *Theory and Practice in Language Studies* 1(7). 879-883. <https://doi.org/10.4304/tpis.1.7.879-883>
- Alkhatnai, M. (4 de xullo de 2025). • The role of artificial intelligence tools in mediating Sino-Arab cultural exchanges through intercultural translation. *Babel*. <https://doi.org/10.1075/babel.25101.alk>
- Baker, M. (1992). *In Other Words: A Coursebook on Translation*. Routledge. <https://doi.org/10.4324/9780203327579>
- Cowie, A. P. (1998). *Phraseology: Theory, Analysis and Applications*. Oxford University Press. <https://doi.org/10.1093/oso/9780198294252.001.0001>
- Fillmore, C. J. (1979). Innocence: a second idealization for linguistics. *Proceedings of the Fifth Berkeley Linguistics Society*. Berkeley: University of California. <https://doi.org/10.3765/bls.v5i0.3255>
- Hajiyeva, B. (2025). Translating Idioms and Slang: Problems, Strategies, and Cultural Implications. *Acta Globalis Humanitatis et Linguarum*. 2(2). <https://doi.org/10.69760/aghel.025002123>

¹⁰ No orixinal: «Nevertheless, challenges were observed in translating idiomatic expressions and cultural nuances, prompting users to make manual adjustments to the translated texts.» (Alkhatnai, 2025)

- Horváthová, M. (2014). Cultural context in idiom translation. *Journal of Translation Studies* 5(1), 1-12.
- Jiao, W., & et al. (2 de Novembro de 2023). Is ChatGPT A Good Translator? Yes With GPT-4 As The Engine. *arXiv*. arxiv.2301.0745v4 [csCL]
- Kovács, G. (2016). An Evergreen Challenge for Translators – The Translation of Idioms. *Acta Universitatis Sapientiae, philologica*, 8, 2. 61-77. <https://doi.org/10.1515/ausp-2016-0018>
- Lima, L. M., & Ortiz Álvarez, M. (jan/jun de 2011). O ensino das expressões idiomáticas em língua espanhola e suas equivalências em língua portuguesa. *Horizontes de Linguística Aplicada*, ano 10, n. 1, jan./jun. 2011. 69-90. <https://doi.org/10.26512/rhla.v10i1.955>
- Newmark, P. (2020). *Approaches to translation*. Routledge.
- Nida, E. (1964). *Toward a Science of Translating*. Brill. <https://doi.org/10.1163/9789004495746>
- Nida, E., & Taber, C. R. (1969). *The Theory and Practice of Translation*. Brill.
- Nord, C. (1977). *Translating as a Purposeful Activity: Functionalist Approaches Explained*. Manchester: St Jerome.
- OPENAI. (2024). ChatGPT (GPT-4) [Large language model]. <https://chat.openai.com/>
- Ortiz-Álvarez, M. L. (2019). Léxico, identidade e discurso nas expressões idiomáticas. *Cadernos de Fraseologia Galega* 21. 65-92. <https://doi.org/10.52740/cfg.21.21.03.00004>
- Pawley, A., & Syder, F. H. (1983). Two puzzles for linguistic theory: nativelike selection and nativelike fluency. Em J. C. Schmidt, & R. W. Richards (Eds.), *Language and communication*. 191-226. London: Longman.
- Tagnin, S. E. (2013). *O jeito que a gente diz*. São Paulo: Disal.
- Venuti, L. (1995). *The Invisibility of the Translator: a History of Translation*. London & New York: Routledge.
- Wehrli, E. (1998). Translating Idioms. *36th Annual Meeting of the Association for Computational Linguistics and 17th International Conference on Computational Linguistics - Volume 2*. 1388-1392. Montreal, Quebec: Association for Computational Linguistics. <https://doi.org/10.3115/980691.980795>
- Zhang, Q., & Jiaqui, W. (2010). Application of Functional Equivalence Theory in English Translation of Chinese Idioms. *Journal of Language Teaching and Research* 1(6). 880-888. <https://doi.org/10.4304/jltr.1.6.880-888>